

Colección
CONTOS DE SEMPRE
(Tradición oral)

D FELD
CRUSO



Asociación cultural AIRA DAS MANTAS
MACEDA DE LIMIA
OURENSE

O FELD GRANSO



Recollido por:

LUIS DEL CAMPO PROL

e

ilustrado por:

DAVID LÓPEZ GONZÁLEZ

KI-KI-RI-KIIIIII!!

Espertaba o día!

Na casa da señora Manuela,
toda a familia rebulía:

- Onde vai o Francisco?


- Tornar a auga da Serra!

Eles ben sabían
que así non era!

Era tempo de entroido,
de Fatos e Reinados!

E, co canto do galo
aló marchou.

A Xinzo da Costa
tivo que ir,
onda o señor Augusto
polos traxes arrendar!



El e mais o Pepe:
Botas de fuelle,
brancos calcetíns de lá,
medias negras,
pantalóns de liño
e a se enfaixar!

Faixa branca,
branca camisa,
gravata negra
e fermoso colar,
chaquetilla de mil adornos,
atadiña con lazos roxos.

E a Caraúta?
A Caraúta,
de grande lobo,
para amedrentar!



Inda non abría o día:
Paioso, A Costa, Baldrei,
camiños e corredoiras,
tras os vellos
e as mozas,
erguendo refaixos,
coa caxata longa.

Tioira, Sarreaus,
Batán, Carguizoi,
é moito troulear!
As chocas cantando
por todo o lugar,
mozos e mozas
atrás deles van!



Subindo para Calveliño,
as chocas turrañ paraatrás!
O Pepe xa non choca,
xa non pode máis!

Felo Canso!! Felo Canso!!,
as mozas a se burlar,
bailando ó seu arredor
non deixan de arremedar!

O Pepe xa non sobe,
o Francisco segue a troulear
coas xentes de Calveliño.

Felo Canso!! Felo Canso!!,
non deixan de cantar!



Chegaron a Barxela
e logo de troulear
coas xentes,
foron á taberna
do Ramón da Ponte,
para se caldear!

Bo xantar comeron:
Cachucha con grelos.
Bo viño, tamén, beberon.
Os mozos pagaron todo.

E o Ramón, pan de centeo,
viño e azucré quentou
para o Felo canso
que así resucitou!



Felo cando!! Felo Cando!!,
as mozas a rir seguían.
Fóra da taberna,
todo era algarabía,!

Tronar de chocas!
O Felo saía
a correr as mozas,
erguer refaixo!
Moito corrían!

Xa non era cando,
as sopas do Ramón
MAU DE SANTO!!

Receita

AS SOPAS DO RAMÓN

(Sopas de burro cansado)

INGREDIENTES:

- 1 GARRAFÓN DE VÍNO TINTO
- 1 BOLA DE PAN DE CENTEO
- AZUCRE (AO GUSTO DE CADA QUEN)



(BARXEUS)


(Taberna do Ramón da Ponte)



Foron a Pías,
subiron a Castro,
no alto,
no medio,
no fondo,
moito troulearon!

A noite era pecha,
a lúa no alto,
cara a Xinzo de novo.
Cas, cadelas e rás lle pagaron
ó Augusto polos traxes
e algúns lles sobraron.

E aquí remata,
nenos e nenas,
o conto
do Felo Canso.



Outros títulos editados da Colección:

“A CEGOÑA E A RAPOSA” (2009)

“O CAN E A RAPOSA” (2010)

“O GALO DA DERENA” (2011)

“GRAN DE MILLO” (2012)

“A FABA” (2013)

“A MANTEIGA” (2015)

Letras Galegas
2016

Ao longo dos anos se foron transmitindo estes contos ao tempo que localizando nos lugares onde se contaban e, con pequenas variantes, se atopan espallados por terras galegas e portuguesas.

Estes contos son unha parte da nosa tradición oral, heranza dos nosos devanceiros, e para que non se perdan, na Asociación Cultural Aira das Mantas, queremos dalos a coñecer aos nosos nenos e nenas para que uns e mais outras, nun futuro, se convertan en transmisores daqueles.

